

XORNADA

DESAFÍOS PARA A CULTURA GALEGA NO ESCENARIO INTERACTIVO DA SOCIEDADE EN REDE

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
24 DE FEBREIRO DE 2016



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

O impacto de Internet nos procesos socioculturais nos últimos vinte anos sitúa a todas as culturas diante de novos desafíos para estar no mundo con voz propia. Unha sociedade enredada esixe de todos os actores que interveñen no mundo cultural estratexias multiplataformas e multidispositivos para que a cidadanía, agora con conectividade en todo momento e en case todos os lugares, dispoña de produtos culturais que respondan ás súas necesidades e ás súas demandas en calquera momento das súas vidas.

Galicia deu pasos para que a súa cultura forme parte da sociedade en rede, pero non por iso ten cumpridos todos os retos. Os novos tempos da segunda década do terceiro milenio demandan respostas renovadas para conquistar o futuro no ecosistema dixital. Os actores sociais teñen que entender ben as novas dinámicas de socialización que inciden nos usos e consumos de produtos culturais se queren que as súas iniciativas resulten sostibles e acaden os obxectivos propostos.

As tecnoloxías actuais non só aumentan a velocidade de transferencia de información e de manifestacións culturais senón que dotan a cidadanía de participación e intervención nos procesos de forma activa. Neste mundo que vivimos agora, onde o tempo e a distancia mudaron o seu papel referencial, as e os usuarios comunícanse, comparten información e realizan traballos colaborativos en tempo real. O emprego dos recursos dispoñibles convértese nunha necesidade de aproveitar todas as oportunidades para que as nosas manifestacións culturais interactúen e contribúan a xerar coñecemento.

O Consello da Cultura Galega, que segue e analiza de forma periódica o impacto que a tecnoloxía está tendo na cultura galega, organiza esta actividade como un paso máis na programación da súa xornada anual para reflexionar arredor da situación en que nos atopamos e que pasos podemos dar para conseguir que as iniciativas dos nosos actores culturais teñan maior incidencia social e consigan unha maior eficiencia.

PROGRAMA

MÉRCORES, 24 DE FEBREIRO

SESIÓN DA MAÑÁ

9:30 horas

Inauguración

10:00 horas

Tempo, Espazo e Comunicación cultural na sociedade dixital

Juan Antonio García Galindo

Universidad de Málaga

11:00 horas

Medios e linguaxes para comunicarse eficazmente na internet das cousas

Ramón Salaverría

Universidad de Navarra

12:00 horas

Pausa

12:30 horas

Encontrar historias nas entrañas dos ficheiros dixitais. Oportunidades para comunicar cultura

Carlos Elías

Universidad Carlos III de Madrid

13:30 horas

Debate

SESIÓN DA TARDE

16:30 horas

Aprendendo a situar a identidade propia no novo escenario cultural da sociedade glocal

Rosa Franquet

Universitat Autònoma de Barcelona

17:30 horas

Creación de contidos, diversidade e identidade para estar no mundo con voz propia

Mario Tascón

Experto en redes sociais e consultor

18:30 horas

Debate

ORGANIZA:
CONSELLO DA CULTURA GALEGA

COORDINACIÓN:
Xosé Lopez
Francisco Campos
Manuel Gago

LUGAR DE REALIZACIÓN:
CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205
difusion@consellodacultura.gal
www.consellodacultura.gal

INSCRICIÓN:
A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

INSCRICIÓN E MÁIS INFORMACIÓN:
www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>